

6998

Mediante Resolución do 9 de decembro de 1999, (BOE do 10 de xaneiro de 2000), da Universidade de Santiago de Compostela, publícase a modificación do plano de estudos conducente á Licenciatura de Ciencias Políticas e da Administración. Neste plano figura a táboa de adaptación que é de aplicación ó alumnado que procede do plano de 1991 e adaptase ó plano de 1999. Tanto á táboa de adaptación como os criterios de adaptación indican que se pode realizar a adaptación por ciclo ou materia por materia, sen regulamentar como debe facerse cada unha delas.

Na alínea 3b) do plano de estudos establécese que a Universidade, tra-la consulta ó centro, dictará as resolucións necesarias para o desenvolvemento do plano de estudos, e de xeito especial no relativo ás adaptacións non previstas.

Por outra parte As Normas de Xestión Académica determinan que as interpretacións dos planos de estudio son competencia do Rector polo que

## RESOLVO

**Primeiro.-** Modifica-la táboa de adaptación do plano de estudos de 1999 da titulación de Ciencias Políticas e da Administración de xeito que os alumnos da USC que se adapten a este plano de estudos o fagan consonte ó establecido nesta Resolución e no seu ANEXO.

**Segundo.- Adaptación de materias troncais.-** As materias troncais superadas integramente polos alumnos deberán adaptarse integramente. Cando a Materia troncal se organice en varias disciplinas e non se teñan superadas a totalidade das disciplinas que integran a materia troncal procederase á adaptación das disciplinas superadas en función dos contidos, segundo a táboa de adaptación e o establecido nesta resolución.

**Terceiro.-** As materias superadas polo alumnado que non figuran na táboa de adaptación ou que non teñen encaixe no novo plano de estudos adaptaranse como créditos optativos ou de libre elección.

**Cuarto.- Adaptación por ciclo.-** Ó Alumnado que realice a adaptación por ciclo adaptará todo o primeiro ciclo do plano de 1991 polo primeiro ciclo do plano de 1999. En ningún caso, disciplinas ou materias que serviron para a adaptación deste primeiro ciclo poden ser aplicadas para subseguintes adaptacións fóra deste primeiro ciclo. Polo tanto, cando materias do primeiro ciclo do plano de 1991 se adapten por materias do segundo ciclo do plano de 1999 non procederá a súa adaptación por estar xa adaptadas no primeiro ciclo.

**Quinto.-** O Alumnado que adapte ó primeiro ciclo do plano 1991 polo primeiro ciclo do plano de 1999 deberá cursar as materias do segundo ciclo do plano de 1999. No caso de ter superadas no plano de 1991 materias do segundo ciclo que na táboa de adaptación teñen a equivalente no primeiro ciclo do plano de 1999 estas materias seranlle adaptadas como créditos optativos ou de libre elección.

**Sexto.-** Para os alumnos procedentes dos primeiros ciclos das titulacións de Dereito, Socioloxía e Xestión e Administración Pública a adaptación será a mesma que os que

# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


adaptan o primeiro ciclo máis os complementos de formación que, de se-lo caso teñan superado.

**Séptimo.- Materias Optativas do plano de estudos de 1999.-** O alumnado que non se adapte o plano de 1999 poderá cursar no plano de estudos de 1991 como materias de libre elección as seguintes materias optativas do plano de 1999 : (434012421) *Análise electoral* (9 créditos) (434012324) *Políticas Públicas da Unión Europea* (6 créditos) (434012426) *Socioloxía e Planificación urbanas* (4,5 créditos).

**Disposición transitoria.-** O alumnado que teña unha resolución de adaptación realizada previamente a esta modificación non verá modificada a mesma pola presente resolución. Non obstante, e a petición do alumnado, poderá aplicarse esta resolución de adaptación.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2002

O RECTOR



Senén Barro Ameneiro

Sr Vicerrector de Organización Académica e Profesorado; Sr. Secretario Xeral; Sr. Decano da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais; Sra. Xefa da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa de Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur; Sr. Director do Coie; Sr. Responsable da área Académica do SEIN



ANEXO  
TÁBOA DE ADAPTACIÓNS DE  
CIENCIAS POLÍTICAS E DA ADMINISTRACIÓN

Plano 1991	Plano 1999
101 Introducción á Ciencia Política	101 Ciencia Política I
102 Teoría do Estado. Perspectiva Histórica	106 Teoría do Estado: Perspectiva Histórica
103 Economía Política	103 Economía Política
104 Historia Política e Social Contemporánea	104 Historia Política Contemporánea
105 Socioloxía Xeral	105 Socioloxía Xeral
106 Estatística Aplicada	212 Estatística Aplicada ás Ciencias Sociais
201 Dereito Constitucional	102 Dereito Constitucional I + 111 Dereito Constitucional II
202 Relacións Internacionais	203 Relacións Internacionais I
203 Técnicas de Investigación Social	201 Métodos e Técnicas de Investigación Social I+ 202 Métodos e Técnicas de Investigación Social II
205 Introducción á Ciencia da Administración	213 Introducción á Ciencia da Administración
206 Historia Contemporánea de España	221 Política Contemporánea de España
301 Políticas Públicas	301 Políticas Públicas+ 325 Políticas Públicas Sectoriais.
401 Dereito Administrativo II * + 402 Dereito Constitucional II *	401 Dereito Administrativo** ( Adaptación materia troncal)
311 Dereito Administrativo I * + 401 Dereito Administrativo II	401 Dereito Administrativo**(Adaptación por contidos)
311 Dereito Administrativo I *	Créditos optativos ou de libre elección
401 Dereito Administrativo II *	Créditos optativos ou de libre elección
402 Dereito Constitucional II *	Créditos optativos ou de libre elección
312 Dereito Internacional Público	311 Dereito Internacional Público
315 Teoría Sociolóxica	222 Teoría Sociolóxica Contemporánea
314 Sistema Político Español en Perspectiva Comparada	313 Política Comparada I



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anexo á Resolución do 14 de outubro de 2011  
Resolución pola que se modifica a táboa de adaptacións do plano de estudos  
de 1999 da licenciatura en ciencias políticas e da administración.

<b>405 Sistema Político Español</b>	<b>403 Política Comparada II</b>
<b>406 Teoría do Estado Perspectiva Sistemática</b>	<b>501 Evaluación de Políticas Públicas</b>
<b>501 Organizacións Públicas Avaliación de Políticas</b>	<b>502 Organizacións Públicas</b>
	<b>503 Teoría Política ( Adaptación materia troncal)</b>
405 Sistema Político Español	214 Sistema Político Español OU créditos optativos ou de libre elección***
406 Teoría do Estado. Perspectiva Sistemática	427 Teoría do Estado do Benestar
501 Organizacións Públicas, Avaliación de Políticas	502 Organizacións Públicas + 501 Avaliación de Políticas Públicas
533 Réximes Políticos Comparados	403 Política Comparada II
534 Teoría Política	503 Teoría Política
<b>404 Sistema Económico Mundial e Español</b>	<b>404 Sistema Económico Mundial e Español</b>
431 Historia das Institucións Político-Administrativas de España	322 Historia das Institucións Políticas en España OU créditos optativos ou de libre elección ***
421 Goberno Autonómico	315 Sistema Político Galego OU créditos optativos ou de libre elección ***
<b>403 Facenda Pública</b>	<b>402 Facenda Pública</b>
531 Participación e Culturas Políticas	429 Cultura e Participación Política
532 Partidos e Sistema de Partidos	430 Partidos e Sistema de Partidos
525 Xestión Pública	428 Xestión Pública
523 Recursos Humanos	424 Recursos Humanos
543 Política Internacional Contemporánea	425 Relacións Intenacionais II
452 Estudos Urbanísticos	426 Socioloxía e Planificacións Urbanas
552 Epistemoloxía e Metodoloxía Avanzadas	525 Métodos e Téc. Avanzadas de Investig. Social
451 Estructura Social	312 Estructura Social Contemporánea OU créditos optativos ou libre elección ***
454 Hist. e Pensamento político premoderno	422 Pensamento Político Premoderno
558 Problemas Actuais da Ciencia Política e da Administración	529 Temas Contemporáneos de Ciencia Política e da Admón.
457 Problemas Globais do Mundo Contemporáneo	528 Temas Actuais de Relacións Internacionais
458 Socioloxía Electoral	421 Análise Electoral
459 Teoría da Elección Pública	321 Elección Pública OU



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	créditos optativos ou libre elección***
456 Institucións Der. Comunitario Sist. Instit. e Ordenamento	323 Institucións e Dereito da Unión Europea OU créditos optativos ou libre elección ***
556 Política Exterior de España	423 Política Exterior de España
522 Presupostación	527 Presupostación

\* A adaptación en grupo destas materias é incompatible coa adaptación individualizada de cada unha delas .

\*\* Os alumnos que realicen a adaptación materia por materia poderán elixir entre facer a adaptación por troncalidade, ou por contidos.

Os alumnos que soliciten a adaptación do primeiro ciclo, por te-lo primeiro ciclo ou acceden dende unha das titulacións de primeiro ciclo, deberán facer a adaptación da materia troncal integramente. No caso de non ter tódalas disciplinas superadas poderá recoñecerse a disciplina superada por créditos optativos ou libre elección segundo a táboa.

\*\*\* Só no caso de facer a adaptación por ciclo.